



Biblioteca Philip West

O legado bibliográfico de Philip West, incorporado en 1997, está formado por **753 documentos**.

Philip West, amigo de Granell, foi un artista moi activo dentro do movemento surrealista inglés e, nos seus últimos anos, desde Zaragoza onde viciu ata a súa morte. Pertence a este movemento desde finais dos 60 colaborando en numerosas revistas. A maioría dos libros están editados en diferentes países, Francia, Estados Unidos, e por suposto, Reino Unido, o seu país natal. Edicións difíciles de atopar no noso país, o que aumenta o seu interese.



Biblioteca Museo



Inaugurada e aberta ao público en 2001. En continuo crecemento.

Ao longo deste tempo consolidouse unha colección de máis de **8.000 volumes** de bibliografía especia-lizada, a maioría de acceso libre. Dispón dun catálogo automatizado que permite a consulta a través de Internet.

A nosa sala de lectura é aberta e é empregada tanto por usuarios investigadores como por usuarios que traen os seus propios materiais de lectura.



Biblioteca Fundación Eugenio Granell

Horario inverno (outubro - maio)
Martes a venres de 11.00h a 14.00h e de 16.00h a 20.00h
Sábado: 11.00h a 14.00h

Atención usuarios: martes a xoves: 11.00h a 14.00h e de 16.00 a 19.00h. Venres de 11.00h a 14.00h ou previa cita.



Fundación Eugenio Granell. Praza do Toural s/n.
15705 Santiago de Compostela. www.fundacion-granell.org



A biblioteca da Fundación Eugenio Granell artéllase en tres fondos moi diferenciados e independentes: **Biblioteca e Arquivo Eugenio Granell**, **Biblioteca Philip West** e **Biblioteca Museo**.



Biblioteca e Arquivo Eugenio Granell

O legado de Eugenio e Amparo Granell inaugurouse en 2011, constituíndo unha peza clave para calquera investigador da figura de Eugenio Granell e o Surrealismo.

Significou un claro esforzo para a biblioteca da Fundación, que viña funcionando como biblioteca especializada desde 2001, e dota aos investigadores de recursos de moi difícil acceso por outros medios, nos temas nos que a Fundación está especializada,

servindo de fonte primaria para o estudo da obra e da personalidade de Eugenio Granell.


A biblioteca e o arquivo persoal dun artista son unha fonte de extraordinaria valía no estudo da súa personalidade creativa e humana, especialmente tratándose de Eugenio Granell que ten como actividade máis visible a plástica, o que solapa unha importante obra literaria e un alto compromiso político.



Trátase dunha colección de máis de **14.000 volumes** que compilou ao longo da súa vida e que levou consigo no seu periplo vital.

Non é unha biblioteca de devoción, é unha biblioteca profesional, práctica e universalista, espello dos intereses de Granell. Máis alá da temática lóxica sobre surrealismo, correntes afíns e artes en xeral, hai unha importante cantidade de libros sobre a Guerra Civil Española e a política, dous temas, sen dúbida, claves para un exiliado político.

Moitos dos **libros están dedicados** polos seus amigos, algúns importantes nomes na historia da cultura como Artur Cruzeiro Seixas, Wifredo Lam, André Breton, Jorge Guillén, Juan Ramón Jiménez, Julián Gorkin, Benjamin Péret ou Francisco Ayala.




Esquemáticamente os temas principais que atopamos son: Surrealismo, Guerra Civil, Artes e afíns, Literatura, Etnografía e Antropoloxía, Alquimia e Ciencias ocultas, Psicoloxía e Socioloxía, (a tese doutoral de Granell é un estudo sociolóxico sobre o Guernica, "El Guernica de Picasso. El final de una era española"). Hai outros temas interesantes e destacados neste fondo como son: Historia, Relixión, Filosofía, Tauromaquia, Música.

As **publicacións seriadas** tamén son numerosas. Revistas de Surrealismo Internacional desde os anos 50. Revistas editadas polas distintas universidades onde impartiu clases, como por exemplo "La Torre" da Universidade de Porto Rico, onde coincidiu con Juan Ramón Jiménez, ou do Brooklyn College, onde coincidiu con Francisco Ayala.




Hai unha grande abundancia de revistas editadas en Francia dos anos 40 e 50, feito explicable polo lugar central que ocupou París na cultura internacional daqueles anos. Granell, co colectivo Phases, coordinado por Edouard Jaguer, participou en exposicións colectivas en varios países do mundo.

O seu arquivo persoal. Os seus documentos e cartas persoais con artistas, escritores surrealistas internacionais relevantes como, André Breton, Benjamin Péret, Victor Serge, Marcel Duchamp; intelectuais, Juan Ramón Jiménez, Federico de Onís, Francisco García Lorca; os premios Nobel, Miguel Ángel Asturias ou Camilo José Cela; co editor Costa-Amic; co seu primo e filósofo Manuel Granell; políticos como o deputado republicano exiliado Emilio González López ou cos seus camaradas do P.O.U.M. (editadas pola Fundación Eugenio Granell no 2007); profesionais e críticos de arte como Luis González-Robles ou Arturo Schwarz e intelectuais galegos como Rafael Dieste, Isaac Díaz Pardo ou Domingo García-Sabell, con algúns dos que mantivo amizade desde a súa nenez e mocidade.



Cabe mencionar ademais a **correspondencia** con institucións, editoriais, museos españois e internacionais.



O arquivo persoal recolle borradores de **escritos e textos inéditos de Eugenio Granell**, así como artigos de prensa onde o tema principal é a obra tanto plástica como literaria de Granell.

Integrado no arquivo persoal, **o arquivo audiovisual** está composto por discos, cassettes, vídeos VHS e diapositivas. Pertencen a este arquivo cintas de 8 mm filmadas por Granell que actualmente están custodiadas no Centro Galego de Artes da Imaxe, A Coruña, onde se inclúen os seus filmes experimentais e surrealistas.